

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DA XUNTA DE GALICIA (ESPAÑA) E A HELSINGIN YLIOPISTO (FINLANDIA) PARA A DOCENCIA, A INVESTIGACIÓN E MAIS A PROMOCIÓN DA LINGUA, A LITERATURA E A CULTURA GALEGAS.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O/A secretario xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, **DECLARA:**

Que esta Secretaría Xeral formalizou o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia dende o 14 de abril ata o 31 de decembro de 2016.

Que o instrumento convencional tivo por obxecto:

Establecer as bases que se rexeu a colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, e a Helsingin Yliopisto (Finlandia) para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, da literatura e da cultura galegas non só no ámbito académico da Universidade senón tamén na súa área de influencia.

Que existiu converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional fundamentouse no seguinte:

Que a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, promove o ensino da lingua, da literatura e da cultura galegas, como rasgo diferenciador e máxima expresión identitaria do pobo galego. A Lei de normalización lingüística establece que *o galego é a lingua propia de Galicia* e que *os poderes públicos de Galicia garantirán o seu uso normal*. Así mesmo, o Plan xeral de normalización da lingua galega, aprobado por unanimidade de todos os grupos parlamentarios na sesión plenaria do 21 de setembro de 2004, recolle entre os obxectivos relacionados coa promoción exterior do galego o de *consolidar o ensino e a*



investigación do galego nas universidades nas que xa existe como materia de estudo e introduciilo noutras universidades de interese estratéxico. Estas razóns acreditaron o interese público e social da sinatura deste convenio, coa correspondente axuda que nel se recolle, e a súa singularidade derívase da conxunción do obxecto do mesmo e do ámbito xeográfico ao que se circunscribe.

Que a universidade é o centro público de estudos superiores de referencia no seu ámbito territorial, e o único que dispón da infraestrutura material e persoal axeitados para levar a cabo accións de difusión da lingua galega. Esta exclusividade académica fixo evidente a imposibilidade de promover a concorrência en convocatoria pública.

Que a universidade, que declarou cumprir os requisitos para obter a condición de beneficiario previstos no artigo 10 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, ratificou o seu interese en continuar coa relación de colaboración que, desde o ano 2000, mantén coa Xunta de Galicia e que posibilitou a incorporación do ensino da lingua, a literatura e a cultura galegas aos plans de estudo da Universidade.

Que os intereses converxentes das partes asinantes excluiron o ánimo de lucro, e non puideron satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 5 de setembro de 2017.

